

1800...

As galegas Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán foron pioneiras reivindicando o acceso das mulleres á educación

Rosalía de Castro rachou, na súa vida e obra literaria, co arquetipo de muller romántica



As precursoras

A **Revolución Francesa**, a finais do século XVIII, asestou un duro golpe aos principios que imperaban no Antigo Réxime e deu lugar á apertura de novos horizontes políticos, económicos e sociais no mundo occidental. Porén, estas **mudanzas excluiron as mulleres** e perpetuaron esa dupla legalidade que as separaba dos espazos de decisión política.

Mais houbo quen tivo a determinación de dar pasos para denunciar esta situación e evidenciar a progresiva toma de conciencia por parte dalgunhas mulleres de pertencer á outra metade de poboación excluída dos dereitos atribuídos á cidadanía. Olympia de Gouges e Mary Wollstonecraft foron clave neste labor, grazas á publicación dos seus textos *Declaración dos dereitos da muller e da cidadanía* (1791) e *Vindicación dos dereitos da muller* (1792), respectivamente.

Seguindo o seu exemplo, a parisiense Flora Tristán dedicou unha parte dos seus escritos á análise das duras condicións de vida das operarias industriais da primeira metade do século XIX. De igual xeito, tamén comezaron a escoitarse voces clamando pola **eliminación das barreiras educativas impostas ás mulleres**, o que fixo posíbel que en 1840 xurdiran escolas e universidades femininas en distintos países europeos. Neste camiño, as galegas **Concepción Arenal** e **Emilia Pardo Bazán** foron pioneiras no Estado español, reivindicando o acceso das mulleres á educación como primeiro paso para elevar a súa dignidade e mellorar a súa condición social.

Outra muller precursora foi **Rosalía de Castro**, que exerceu de artista nun mundo dominado por varóns e rachou, na súa vida e obra literaria, co arquetipo de muller romántica. Rosalía denunciou coa súa pluma as inxustizas que sometían á nosa nación e puxo de manifesto a miseria e aldraxe que afectaban dun xeito especial ás mulleres galegas. Tamén tería unha importante repercusión pública a monfortina Juana de Vega, de pensamento liberal e asidua dos ambientes progresistas nos que se movían destacadas figuras decimonónicas como o Capitán Solís, alzado en armas contra o centralismo en 1846.



Emilia Pardo Bazán

